

XAIME ISLA COUTO,
DENDE O CRISTIANISMO E A DEMO-
CRACIA.



FOTO: ALFONSO BUSQUETS

XORNADAS DE MADRID

Hai poucos días que se celebraron en Madrid as III Xornadas do Equipo do Estado Español da Democracia Cristiá. Ali estaba Ruiz Giménez, Gil Robles, os vascos, os cataláns, os valenciáns... Uns como partidos políticos constituídos e cunha longa tradición detrás, como no caso dos nacionalistas vascos. Outros en vias de integración no equipo. Era o día 1 de febreiro de 1976 (había poucos meses que morrera Francisco Franco), Gil Robles fixo un acto público de contrición polos seus errores cando o bienio negro republicán; os vascos, os galegos, casteláns e cataláns falaron de non mirar atrás e que o futuro pintara federal. Logo, Gil Robles falou pola televisión de *dereita civilizada*.

Xaime Isla Couto, profesor de Economía, abogado, economista, escritor, político, representaba xunto con outros o equipo galego en formación. Algunhas das representacións estranxeiras parecían non entender ben a cuestión das reivindicacións nacionáis dentro do Estado. Dende a súa perspectiva remota a cuestión non ven máis que a embarullar as cousas. Pero as cousas quedaron bastante claras neste senso: federalismo e libertades democráticas.

—Xaime, ¿*España ou Estado Español?*

—Cando se fai esta distinción trátase de diferenciar algo. Dalgún xeito, por tradición, por educación, por tantos anos de centralismo e propaganda do Imperio, o termo *España* lembra unha chea de cousas que se queren deixar atrás en percura dunha verdadeira armonía das nacionalidades do *Estado Español*. Trátase de conquerir esa armonía. Alguén pode pensar que son soio palabras, é certo, mais ás veces tamén as verbas fan política. Hai,

porén, quen rexeita neste senso o termo *España* pola tradición centralizadora que suxire é, sobor de todo, que suixeríu ao longo dos anos, anque en termos obxetivos as dúas palabras podan sifñificar o mesmo. Tratase de marcar a diferenzia entre o Estado, ou aparato estatal, e a realidade nacional diversa; de significar a ambigüedad de aquél diante a diversidade real de comunidades que encubre.

—*Imos escomenzar polo principio; detrás de todo esto hai sempre unha historia personal. ¿Ónde escomenza a túa?*

—Cicáis naquelhas primeiras cartas ao meu irmán Ramiro que estaba en Bós Aires. Eramos nove na casa. El era o máis vello e coido que eu non nacera áinda cando marchou pra América de quince anos. No seu segundo viaxe —voltara pra facer o servicio militar— levou alá, por encomenda do Vicente Risco, a delegación da *Irmandade Nacionalista Galega (ING)*. Fundou a revista *Terra*, versión irmá e emigrada de *Nós* que tivo por director literario a Eduardo Blanco Amor. Foi o pioneiro, pois, do galeguismo político nas Américas, cuia vanguarda foi a *Sociedade Nacionalista Ponderal* editora do periódico *A fouce*, onde Ramiro traballou arreo (textos e grabado en linoleum) defendendo o nacionalismo máis arriscado con plantexamentos sociopolíticos de esquerda; chegou a unha identificación entrañable co poeta Manoel Antonio, que topaba co eles nas súas singladuras de mariño mercante.

—*¿Qué tempo tiñas ti daquela?*

—Non sei... poda que nove anos, e estudaba nos Salesianos, en Vigo. Nacín en Santiago de Compostela, pero dende moi neno vivín en Vigo. Por aquel tempo escribíllle ao meu irmán a miña primeira carta, en castelán, e el respondéume en galego dándome azos pra que empregara a nosa lingua na correspondencia antre os dous, que el me correxiría os errores que metera. Así, desta forma sinxela e anecdótica escomenzou unha pedagoxía epistolar que marcó a miña vida como ningunha outra educación podería facelo. ¡Cántas cousas fermosas e emotivas podería eu decir arredor desto! Eran os tempos gloriosos da revista

Céltiga, tamén en Bós Aires, anos da Dictadura en España. Alí verquíase a colaboración das mais grandes figuras galegas. Ramiro facía o *Idearium galeguista*, promovendo e axudando cantas iniciativas servisen pra concienciar á emigración. En *A Fouce* escribín eu os meus primeiros artigos periodísticos.

—¿E cómo foi que chegaches á política?

—Dende moi novo e no seu inicio, da man daquela comunicación epistolar da que che teño falado, axudada pola morea de libros e publicacións galegas e non galegas que o meu irmán me mandaba. Logo pola aguda sensibilización que neste senso xurdira no país despóis da Dictadura. Nos primeiros anos de Liceo formáramos xa un grupo que mandou a súa adhesión á *Asamblea das Irmandades da Fala* na Cruña e participamos na creación do *Grupo Autonomista Galego* en Vigo. Tiña eu quince anos e proclaméi a República no Instituto o mesmo 14 de abril, horas antes de que sucedera en Madrid. Xa na República constituímos a *Federación de Moedades Galeguistas*, das que maxino que xa che terán falado outros, que eran independentes do Partido pero que andaban moi xunguidas ás súas actuacións. Un dos seus antecedentes foron os grupos *Ultreya* fundados por Alvaro de las Casas, catedrático daquela no Instituto de Noia, poeta e loitador aceso que morréu despóis da guerra civil no exilio. El, ca eficaz colaboración de universitarios e profesores mozos como Martínez López, Filgueira Valverde, Xurxo Lourenzo, Fernández del Riego, etc, promoveran na Galicia un movemento xuvenil parello aos que daquela tiñan gran actividade noutros países de Europa (por exemplo: o chamado *Palestra* en Cataluña), con moita base nos institutos e unha mocidade que propuña un vencellamento ca Terra e os valores máis siñificativos da comunidade. Fomos moitos os que descobrimos Galicia ao traveso daqueles primeiros grupos de *Ultreya*: facíamos viaxes de estudo e traballo, viaxes a pé, escuecas e contactos coa xente do campo, cantos, teatro e publicacións, visitas á Misión Biolóxica, un cruceiro polas Rías Baixas ao que asistiran rapaces de toda Galicia...

—*¿Cántos anos tiñas o 18 de xullo do 36?*

Vinte anos. Vinte anos acugulados da más pura e rica vivencia na irmandade galeguista (algo que se terá de estudar un día como exemplo de convivencia humá e leal en comunión ca terra), anos de pletórica esperanza. Meses antes, no grupo da FMG de Pontevedra, baixo o rubro de *ONDA (Orde Nacionalista de Avanzada)* preparáramos un inquérito enviado ás figuras egrexias do galeguismo con vistas á formulación dun programa pra discutir na que foi a derradeira Asamblea das Mocedades. Lembro que Alvaro Cunqueiro mandounos como resposta unha declaración da *primeira unión da mocedade pola patria* que —coido eu— é o manifesto político máis fermoso, como de man de poeta, que se teña feito no mundo (e que, claro está, non foi aprobado pola Asamblea). No mes de xunio fundáramos na Casa do Pueblo de Vigo a *Unión Galega de estudantes*. Nos mítns, na campaña pro-Estatuto, participábamos por aquelas datas toda unha xeneración de oradores noviños e lembro que nas mesmas vísperas do plebiscito fixen eu a presentación de todos os persoeiros do Frente Popular eiquí, en Vigo, que falaban nos teatros Odeón e Tamberlick; e á seguida, do acto da proclamación oficial dos resultados, que se fixo en Santiago, saía eu co Seminario de Estudos Galegos pra Fisterre como enviado especial do *Pueblo Gallego*. Era a miña primeira colaboración pagada como periodista, pero non a cheguei a cobrar nunca.

—*¿Cómo vivíchedes a guerra?*

A guerra tronzou moitas vidas de irmáns e amigos, no frente e na retaguardia. Digoche estes nomes como homaxe e inicio do que sería xa unha longa letanía: Xaquín Domínguez, secretario de organización do Grupo de Mocedade de Vigo, vítima dun «sumafísimos» instantáneo no monte do Castro; os dous primos de Castelao, Manolo e máis Pepe, mestres os dous, o primeiro un bó pintor e igualiño a Daniel na súa fasquía, chegados de Rianxo e escondidos na casa do meu irmán Ramiro, a quenes fixen compaña durante moitas seráns, e que foron «suicidados» con cinco máis nun «bou» que iba levalos a

Portugal, pero que xa non puido zarpar da mar do Berbés. O noso estado de ánimo daqueles días refléxase ben na correspondencia —áinda baixo os eufemismos e o castelán a que obrigaba a censura— e os contactos que ansiosamente percurzávamos áinda uns e outros ante a desfeita da represión, da mobilización e dos frentes. Nunha das cartas, que gardo como memoria preciosa, de Ramos Colemán (finado tamén no frente pouco despóis) referíndose á morte de Antón Míguez Mouro, que eu lle comunicára, decíame: «Nosotros permaneceremos unidos en cuanto dure nuestro sentimiento; que durará más que nosotros mismos. La voz de los muertos lo exige y si nosotros caemos iremos a aumentar el número de los que lo piden... Por eso el abismo de nuestra alma se llena con nuestra afirmación. Afirmarnos a nosotros es afirmarlos a ellos». Esta afirmación, esta fe afondada no íntimo do noso espírito foi a razón vital, sublimada pola traxedia, pra o resto da nosa existencia. Levounos así a emprender a loita clandestina nos derradeiros anos da Guerra Mundial, a artellar despóis o que ben poideran chamarse as manobras invisibles» da nosa futura revolución cultural. Unha gran esperanza vital, ca súa raíz intacta e soterrada, animou a creación e a supervivencia —contra todas as dificultades— da editorial «Galaxia».

¿UNHA DEREITA GALEGA?

Dende a fiesta vese o porto de Vigo, o Náutico, a Estación Marítima. Espállassa a cidade toda á beira da ría, terra adentro, co seu cuarto de millón de habitantes. Xaime alcende a pipa ceremoniosamente e deixa saír o fume que arrecende a tabaco estranxeiro. O salón é amplio. Hai pinturas e esculturas de firma. A luz é de tardíña de inverno. Voltamos na conversa ás xornadas de Madrid, falamos da converxencia dos grupos políticos dentro e fora de posiciones galeguistas, dentro e fora de Galicia. Falamos de París, de Madrid, de Londres... ¿Qué posibilidades pode ter unha dereita galeguista? Xaime é

optimista, pero rexita enérxicamente o nome de dereita. ¿Entón? Moitos destes homes son xentes de vocación política conquerida denantes dunha guerra que sofriron, adicados logo a outras cuestións (as alternativas culturais da loita política que, sobor de todo en Galicia, foron moi importantes no núcleo sobrevivente do galeguismo); son tamén xentes de plantexamento democrático, tradicional, conservador, anque cicás eles non esteñan moi de acordo con todos estes xuicios de valor meus.

—Xaime, ti consideráches sempre un cristián, un cristián democrático (ímoslle chamar así). ¿Pretendes, dende estas posicións, unha dereita nacionalista galega? Houbo antecedentes.

—Nada deso. Nin dereita, nin nacionalista, asegún o modelo convencional. Esa dereita xa sabemos onde está: nas antípodas do galeguismo e da democracia.

—¿Poderíaste estender un pouco neso? E que non acabo de entender ben esto de «dereita sí, pero non».

—Eu denunciéi sempre, por exemplo, e mesmo combatín con caraxe, a confusión da Igrexa co Poder neste país durante moitos anos, o vencellamento da relixión na política (nunha determinada política, ademáis). Faloche como cristián, xa digo. Por eso abandonéi a Acción Católica despóis de ter traballado ardidamente nos tempos difíciles participando en experiencias tan fecundas como o agromar do que foi más tarde a HOAC (gardo unha lembranza inesquençable daquel gran fundador que foi Rovirosa) e refuguéi tamén, polas mesmas razóns, a invitación insistente que se me fixo pra entrar na ACNP. Quixen adicarme en solitario (en soedade total, prolongada e ingrata, dadas as estruturas coloniais da Igrexa na nosa Terra) á loita por un futuro post-conciliar anos antes do Concilio. Non. Non quero falar de dereita porque o termo lembra unha chea de cousas contra as que sempre loitei. Eu penso que máis ben habería que falar dunha nova esquerda que Enriqueza e contrapoña dialécticamente á concepción marxista do home unha concepción ética cuia referencia última é a raíz cristiá e humanista no noso mundo,

ao xeito da revolución personalista e comunitaria do francés Mounier.

—Alguén dixo, sin embargo, que, na realidade presente, pra lle dar solucións reáis ao país galego hai que partir de posicións socialistas de esquerda galega. É o camiño único.

—Mira, a min o que me preocupou sempre foi Galicia como país, como singularidade histórica. E xa como cristián que son, preocupóume de sempre o divorcio grande antre a Eirexa en Galicia e as realidades galegas. Por eso arredor do ano 1965 creamos a editorial *SEPT* pra sensibilizar, precisamente, a grande masa cristiá encol da problemática e as reivindicacións concretas da terra en todos os senso, cultural, social, relixioso, económico, político, etc. Era unha laboura difícil, longa, sensibilizadora, como tantas outras que neste senso se levaron adiante no país. Por outra banda, xa no campo da política, observamos un grande desfase antre as minorías fortemente politizadas (ou radicalizadas, se ti queres) nun galeguismo moi á esquerda e a insensibilización de grandes sectores da nosa realidade sociolóxica dominados por unha mentalidade tradicional, inertes ou reticentes. ¿Cómo non se preocupar deste gran valeiro social? ¿A quién abandonalo?

—¿E pensas que a filosofía cristiá, a democracia cristiá neste caso, pode dar solucións?

—Penso que a filosofía cristiá pode dar solucións ahí. Pensemos, por exemplo, na clase media. A clase media está absolutamente desgaleguizada, ou mellor: sin sensibilizar respecto do problema galego. Penso tamén nos grandes sectores do campesiñado. Hai posicións, como as da extrema esquerda que están provocando reaccións imprevisibles antre moita xente. A extrema esquerda, nesta como noutras sociedades, xoga un papel importante na dialéctica social, moi importante, con moito mérito, pero en certos sectores da clase media está a provocar reaccións contrarias de oposición de tal xeito que se tende a identificar extrema-esquerda ou estratexia de extrema-esquerda con *Galeguismo*.

—Dende os teus plantexamentos cristiáns, que polo que vexo son de certa militancia. ¿Cál foi, pois, a estratexia deica agora?

—A gran loita pola liturxia vernácula —que entrañaba mesmamente tamén unha pastoral vernácula— foi unha loita política, entendida no seu senso humán e de verdadeira política cristiá. Nel tivo *SEPT* e o seu entorno (aínda o ten) un papel moi importante. Pero logo está a outra política, na que a editorial *SEPT* (e o grupo) non quería xogar senón un papel promotor de pluralismo cristián e galego. Dentro deste pluralismo, a nosa aportación ten como referencia interiorizada e de fondo a concepción cristiá e humanística trascendendo e promovendo a un tempo o proyecto político, que nós entendemos na idea federal como forma integral de organización da comunidade, basada nun novo «pacto social» frente aos sistemas vixentes deica hoxe e en plena crisis.

A CLASE MEDIA POSIBLE

—Ún pensaba que non existía unha burguesía galega.

—E é certo. Non existe unha *gran burguesía galega*, pero hai unha clase media importante, galeguizable, á que somentes hai que sensibilizar, despertar da súa pasividade. É verdade que esa clase media cidadá non fala decote o galego, que educa aos seus fillos no castelán, é certo, pero a súa orixen, por exemplo, é campesiña, hai unha base, unha raíz fondamente vencellada á terra, cousa que non ten, por exemplo, a alta ou gran burguesía que se asentou en Galicia e que veu de fora, de Cataluña, de Castela, das Vascongadas. A galeguidade está latexante nas clases medias, pero non morta. Eu teño moitas experiencias neste senso que me fan ser optimista. A xente di: é imposible conquerir á clase media pra o galeguismo, a clase media non se sinte galega, non fala galego, non está vencellada á cultura e ás reivindicacións históricas do país. Nada desto é certo como se di. As cousas están latexantes, acochadas e hainas somentes que despertar, activar.

—*¿Cómo?*

—Partindo do contexto socioeconómico e mental deses mesmos sectores. Tivemos unha gran batalla: a do prestíxio, demostrar que a lingua e a cultura de Galicia tiñan forza de seu, que non eran cousa de tolos románticos nin de ignorantes senón algo digno de orgullo e axeitada para o emprego cotián. Penso que esto xa se acadou. Son optimista, sí. Agora ben: é certo que ás veces, entre os sectores que máis padeceron a influencia da cultura e a ideoloxía oficial, o idioma xa non se fala, non se sabe falar, está esquencido... Esto ten doado arranxo cunha verdadeira política de sensibilización: a escola en galego, por exemplo, etc. As minorías está sensibilizadas xa, o federalismo non se recibe mal, compre encamiñar dun determinado xeito esta actitude. Si deixas que os partidos centralistas se fagan co estes sectores dos que falamos porque non lles das opcións galegas más que á ezquierda socialista ou ao marxismo-leninismo revolucionario... perdes a batalla. A clase media non vai entrar polo marxismo-leninismo, como comprenderás. Xa digo: trátase de dar opcións, de acoller a todos os sectores actuantes na sociedade, regaleguizando aqueles que perderon a conciencia do país pero que, pola súa orixen e pola realidade mesma, téñena durmindo na súa raíz.

—*Vexo que tes madurado o plan. Pero nada do que dis é fácil de conquistar, vai ter resistencias moi importantes.*

—Nada é fácil. Pero hai trinta anos, Freixanes, non siquera soñábamos estar hoxe onde estamos. Superáronse obstáculos moito más difíceis.

A GRAN BURGUESÍA ALLEA

—*Falabas denantes da gran burguesía galega, o capital que chegou de Cataluña, de Vizcaya, de Castela mesmo. ¿Cál pensas que é o seu papel en todo esto?*

—A gran burguesía sí que non é galega. Hai que partir da realidade. Penso, ademais, que endexamais se poderá

sentir vinculada ás reivindicacións galegas dun xeito natural. Velahí os cataláns, que crearon a gran burguesía viguesa e se estableceron na beiramar.

—*Esto ten raíces fondas. Dende a implantación dos primeiros cataláns na nosa terra hai unha longa historia de liortas cas nosas xentes.*

—Mira, eu sempre dixen que os cataláns que viñeron a Galicia eran cataláns desarraigados de Cataluña e que nunca botaron raíces eiquí tampouco, como non as botaron alá. Un día chegaron a Vigo, por exemplo, e chantaron as fábricas nun lado e os chalets no outro: iban da fábrica ao chalet e do chalet á fábrica, así, de costas á cidade, que medrhou sin eles. Endexamais se sentiron vencellados á realidade na que vivían. Ás veces penso que esto repercutiu hasta no urbanismo desta cidade. ¿Qué é Vigo? Unha cidade de traballo na que non hai sitios de encontro como noutras, nin lugares de paseo nos que a xente conviva... Xa ves como o urbanismo reflexa a dinámica da cidade. Durante moitos anos (sobor de todo naqueles de gran crecemento industrial) as xentes galegas viñan a Vigo como iban á América: a atopar traballo, a facer cartos e pouco máis. Esto nótase na cidade. Vigo fixérona, no seu carácter actual, os grandes capitales alleos a Galicia e esa xente viviu sempre sin se «contaminar», acochada nos seus tobos, alonxada dese mundo en todos os senso. Nos anos da postguerra escomenzou a medrar, eso sí, unha certa burguesía galega, un certo capital, pero todo moi relativo e endexamais chegou ao nivel desta outra. Esta vivía no seu mundo (áinda vive pecha, aconchada no seu mundo alleo) e o gran capital xa sabemos todos que non ten patria.

—*Pero velahí o gran capital catalán, a presencia do gran capital vasco na conciencia dos seus propios países...*

—Ese gran capital catalán ou vasco do que tanto se fala, en contra do que se di, endexamais foi nin será nacionalista. A gran burguesía é conservadora, os seus intereses están nos bancos de Madrid, todo o más defenden o rexionalismo (un certo rexionalismo que poda favorecer aos seus intereses) pero non irán nunca máis aló. O

nacionalismo é un produto da pequena e media burguesía nas súas orixens. Non hai máis que ver o Consello de Forzas Políticas de Cataluña, por exemplo, pequenos burgueses, clase media alta, profesionais liberais, intelectuais... O gran capital, eiquí como noutrós sitios, é internacionalista, non coñece as fronteiras nin o senso que podan ter as fronteiras, ¿pra qué? Esto, no caso español, viuse moi claramente na Segunda República, e a nivel mundial estase a ver decote.

OS CAMPESIÑOS

—No abanico sociolóxico galego hai un sector tradicionalmente esquencido: o rural, que é paradoxicamente a meirande parte da realidade galega e no que viven espontáneamente (ás veces resisten) os orixinarios valores culturais, etnolóxicos, sociáis do pobo galego. Véxote moi preocupado polo reparto de forzas, porque non quedan sin cobrir tenzas da realidade, pero ¿e o campesiño? ¿Pode chegar á ezquerda? ¿E á dereita?

—O campesiño é a realidade mesma deste país, e estou de acordo cando dis que é a gran realidade esquencida. É certo que ainda ninguén ten chegado a el axeitadamente. Trátase dun sector difícil, moi difícil, conservador... e ahí habería que dar a gran batalla. A lingua, a cultura, o espírito deste país está vivo no campo, espontáneo, presente, ameazado tamén, é certo, como todo. Ás veces penso que de ahí, do campesiño, debera ter nacido o gran animal político desta terra nosa: intelixente, práctico, realista... Pero é eiquí tamén onde dun xeito máis fondo se sofran as grandes limitacións deste país.

—¿Unha solución marxista?

—O marxismo é un xeito de análise parcial pra abranguer e explicar totalmente a realidade. A perspectiva económica non abonda; por exemplo, hai factores íntimos, históricos, ideolóxicos, culturais... que van moito máis aló, fano todo máis complexo. Non vou discutir, por suposto, a grande importancia da posición marxista no

mundo moderno nin a súa aportación positiva ao desenrollo das sociedades cara unha maior xusticia. Eso sería unha parvada. Agora ben, penso que compre clarexar a parcialidade do seu análisis e mesmo dos seus métodos.

—*Por exemplo?*

—O esquema marxista eiquí ofrécesenos moi simplista e negativo. A idea marxista da explotación habería que referila no noso caso á estrutura enteira da comunidade e non a un elemento dela, de relevancia ao cabo secundaria, como é o proletariado urbán e á estratexia de loita apoiada naquel. Ao propugnárese de maneira asoballante esta estratexia de loita de clases caemos no perigo de sacrificar a gran reivindicación da personalidade comunal, de libertarnos da verdadeira alienación colectiva.

—*Eu penso, precisamente, Xaime, que un dos grandes errores (ou limitacións) do galeguismo tradicional podera ser o seu afastamento práctico das clases populares, ou a súa impotencia pra chegar a elas. Dende os seus orixens, o nacionalismo kurde dos sectores pequeno burgueses, intelectuais, universitarios, pero non chega a acadar unha verdadeira conexión co pobo, a pesares de toda a literatura e as boas intencións neste senso, a pesares mesmo da vocación popular ou populista dos líderes.*

—A verba afastamento non sei si é a máis xusta pra definir a verdadeira relación entre os sectores galeguistas tradicionais e as clases populares; penso que non. Penso que cometemos o erro de non mirar as cousas no seu tempo, de querer xuzgalas dende a nosa perspectiva de hoxe, o que non é xusto. Falas de afastamento. Eu podería falar longamente da fonda vocación popular de todos aqueles homes, eso sí, de formación intelectual, que saían a descobrir Galicia polas corredoiras, polas aldeas, antre os paisáns, en contacto direito cos problemas e as cousas. ¿Qué tempo tivo o Partido Galeguista pra se consolidar coma Partido e coma estratexia? Nacéu en 1931. Matárono en 1936. ¿Qué son estes anos comparados cos grandes movementos históricos que se din de masas? O galeguismo escomenzaba a crear as súas propias bases, a afincar os seus plantexamentos. Había un gran vincellamento íntimo co paisán, unha fonda vocación popular,

emocional. *O sentimento da terra* de Risco é moi claro neste senso. ¿Pero cómo botar unha ponte entre aqueles intelectuáis primeiros do partido e as grandes masas campesiñas despolitizadas, ignorantes? Non había, coma noutras países, unha burguesía ao traveso da cal se podería ter chegado históricamente. Nos derradeiros tempos, de todos xeitos, estaban as Sociedades Agrarias, que eran asociacións con gran base campesiña e cunha sensibilidade galega. Pero todo eso era xa ao final e truncóuno o 36. Compre ter en conta que o galeguismo, cando o comparámos con tendencias ou partidos moi feitos xa históricamente (ou en posicións moi privilexiadas pra desenrolar a súa laboura) é moi novo e tivo que loitar contra todos pra medrar.

—*Naquel galeguismo formácheste ti políticamente.*

—Relativamente. Xa che digo que tiña vinte anos no 36. Digamos que da man daquel galeguismo descubrín as primeiras cousas, nada máis, e xa está ben. Pero marcóu a vida, os camiños da vida que diría don Ramón. Eu non podo esquencer a miña experiencia, por exemplo, ca xente do Seminario de Estudos Gallegos por Lalín, Fisterre, falando cos paisáns, descubrindo cada cousa, estudiando, formándonos, traballando pola terra, construindo unha imaxe, porque había que escomenzar a casa polos cimentos, había que facelo todo, absolutamente todo, había que reforzar, caseque demostrar científicamente a idea de Galicia que estaba latente, acochada. Foi eíqui onde atopei eu a miña vocación polas cuestións económicas, un tema, por exemplo, moi necesitado de novas perspectivas.

A REVISTA DE ECONOMÍA GALEGA

Esta é unha cultura de resistencia porque é unha economía de resistencia, unha política de resistencia. Todo ven ensarillado. Xaime Isla pertenece á primeira xeneración de economistas (non de carreira, sí de pensamento) de postguerra, economistas que partían duns presupostos chantados na realidade singular e histórica da terra,

cunhas características propias que a facían diferente (na súa problemática e no seu análisis) dos outros pobos da península ibérica.

Ao pouco de aparecer a editorial *Galaxia*, da que Isla Couto é un dos fundadores, publicáñense os cadernos «Grial», e o número catro titúase «Aspectos económicos y jurídicos de Galicia». Era o ano 1952. Foi o derradeiro número da colección porque a pecharon dende a Dirección Xeral de Prensa. Desto xa fala Piñeiro. Nese número Xaime Isla publicaba un artigo, máis ben un pequeno ensaio titulado: «Algúns carácteres da economía galega aitual» no que se apuntaba a necesidade dunha nova visión económica do país porque por ahí andaba a resposta a outras moitas cuestiós. Á mesma xeneración de economistas (todos eles cunha carreira xurídica) pertencen Valentín Paz Andrade, que nos anos cincuenta traballa teimosamente a custión económica, Antonio Meijide Pardo, Domingo Quiroga, etc. En castelán ou galego, dentro do país ou na emigración, asegún as circunstancias e o que se dixerá, íbanse publicando cousas como se podía, cas limitacións dunha forte ortodoxia oficial que era especialmente intrasixente nestes temas. Había un pensamento económico oficial e toda heterodoxia ou discrepancia era mancada xa de saída.

Xaime Isla estudiou ao principio Maxisterio polo plan da República, inspirado polos homes da *Institución Libre de Enseñanza*, pero xa non puido facer o derradeiro ano de prácticas por mor da depuración e rematou os estudos de Dereito, que simultaneara marxinalmente levado xa das súas preocupacións polo estudo da economía (daquela ainda non existía esta carreira).

Así as cousas, no ano 1958 aparecía o primeiro número dunha das experiencias intelectuais más interesantes da postguerra galega: a *Revista de Economía de Galicia*, que dirixía o mesmo Isla. Arredor da publicación tentábase de axuntar o pensamento espallado das xentes que naquellos datos estaban a matinar ou escribir encol da realidade galega dende o análisis económico. Beiras fala de tres etapas diferentes no pensamento económico da postguerra

en Galicia; unha primeira que escomenza en 1952, ca aparición do número de «Grial» antedito, outra ca saída da R.E.G. e unha terceira ca creación dunha Facultade de Ciencias Económicas no país galego no ano 1967. Cicás ese pensamento económico non esteña áinda sistematizado de abondo, mais hai xa unha traectoria histórica.

—*Dentro do «frente cultural» que se desenrola arredor de Galaxia a partir do ano 1950 a R.E.G. é fundamental. ¿Cando xurde exactamente a idea dunha publicación como esta, sobor de todo tendo en conta que neses intres non había nada en España?*

—A idea viña de atrás. Xa che dixen que descobrín a economía ao contacto ca realidade do país, nos grupos Ultreya. Eu fora o primeiro becario do Seminario de Estudos Galegos na súa sección de Estudos Xurídicos, Económicos e Sociáis. Un lixeiro esbozo da idea, dentro dun plantexamento xeral, puidemos tentala gracias á oportunidade que nos deu Goñi, o director de *La Noche* de Santiago, encomendándonos a Francisco del Riego e a mim o suplemento dos sábados. Nas páxinas daquel xornal —o primeiro que despóis da guerra prendeu na problemática do país— viña escribindo xa don Ramón Otero Pedrayo un «Parladoiro» e o mesmo Salvador Lorenzana «Un tema gallego cada semana», como pulsión rememorativa dos homes e das correntes vitais da nosa cultura. Do suplemento recordo que eu fixen as viñetas, o primeiro editorial e o mesmo esquema con tres seccións fundamentais: *Coñecemento de Galicia*, *Feira do espírito* e unha terceira titulada *Vida i economía*. Os textos eran uns en castelán e outros en galego, asegún se podía. Pois ben: no intre de fundar *Galaxia* xa se pensou na economía como un tema a tratar con especial atención, pero ¿quén escribia de economía? ¿con quén se podía contar? O panorama non era moi brillante, por non decir que estaba valeiro.

—*¿Qué ideas se baraxaban por aquelas datas cando se falaba de solucións económicas pra Galicia (xa que non de economía galega)?*

—Todo andaba moi embrullado e pouco sistematizado, pero estaba xa a teima do industrialismo a ultranza, fora coma fora, viñera como viñera, porque o que compría era ter postos de traballo e pra eso, xa se sabe, hai que industrializar non importa a qué precio. Estes planteamentos estaban sostidos mesmo por xentes moi responsables e convencidas do que decían, porque non tiñan máis información, outras perspectivas. Nós pensábamos, sin embargo, que o que compría era crear unha economía propia, un pensamento económico propio, axeitado a unha realidade distinta que esixe un estudo, un tratamento e unha política particular. Somentes a partir de eiquí (dun pensamento económico propio que mirase os problemas *dende dentro deles*) poderíanse artellar solucións axeitadas ao futuro. As primeiras conversas tivémoslas con técnicos preocupados destes asuntos: Parga Pondal, Gallástequi, X. Luis Blanco... estes dous últimos vencellados á Misión Biolóxica de Galicia, onde tivemos a xuntanza fundacional ca asistencia, entre outros, de Ramón Piñeiro e Domingo García-Sabell. Non había outros e, por outra banda, a revista era a primeira que en España se planteaba esta cuestión: unha economía rexional ao marxe das liñas da economía oficial do Réximen.

—*¿Qué ideas básicas desenrolóu a publicación ao longo deses anos? ¿Qué tal a acollida?*

—Certamente non había público daquela; e sabíamos que a revista tiña que ser unha laboura de creación, de despertar inquedanzas, de sementeira. Pensamos nunha clase intelectual, nos técnicos e profesionáis, nun sector universitario, nos homes novos de empresa que poderían estar interesados. Pensamos, sobor de todo, na mocidade. Tratábase, ao traveso daquelhas páxinas, de suscitar unha reflexión propia sobor da nosa economía, apuntar liñas de traballo teórico e política económica, plantear tamén os problemas concretos, pero sinalando a súa raíz estrutural no diagnóstico, suliñando a esixencia dun poder de decisión autóctono no tratamento.

—*¿Tiñades algúnsha referencia noutras experiencias eco-*

nómicas que se estiveran a realizar e vos poideran servir de exemplo?

—Eu sempre penséi, como paralelo desa preocupación teórica, nos economistas iberoamericanos e do terceiro mundo, porque tanto a súa loita como a docencia económica dos seus países ten algo fundamental de semellanza connosco. A revista foi unha experiencia moi ben acollida por cantos tiñan sensibilidade pra percibir os problemas do país e mesmo por xentes de fora (particularmente en Cataluña, onde non hai moito tempo ainda se aludiu a ela na revista *Destino* como un exemplo antre as publicacións europeas e unha excepción en España). Despois de dez anos de publicacións con grandes esforzos coidamos un día que cobrira xa unha etapa, que os tempos cambiaban e a batalla había que librala xa na prensa diaria, por exemplo, na edición de libros, nas institucións de ensino e investigación, etc, sin perxucio de que calquer día poida ser replantexada de novo. Poderíamnos aludir neste punto á Fundación Penzol e ao seu Departamento de Ciencia Rexional, pero éstas son historias que se cadra virán prendidas xa no futuro...

- Victor F. Freixanes

UNHA DUCIA DE GALEGOS



conversa con

Ramón Otero Pedrayo • Valentín Paz Andrade • Luís Seoane • Eduardo Blanco Amor • Ramón Piñeiro • Celso Emilio Ferreiro • Xaime Isla • Xesús Alonso Montero • Xosé Manuel Beiras • Xosé Luis Méndez Ferrín • Monseñor Araúxo Iglesias • Carlos Casares

Galaxia